

INSTRUCCIÓN SOBRE A XESTIÓN DOS CONTRATOS DE ESTUDOS DO ESTUDANTADO PARTICIPANTE EN PROGRAMAS DE MOBILIDADE NACIONAL (SICUE) OU INTERNACIONAL (ERASMUS+, GE4, ISEP, BOLSAS PROPIAS E LIBRE MOBILIDADE) DURANTE O CURSO 2023-24

Esta instrución ten por finalidade regular a creación, elaboración, aprobación e seguimento dos contratos de estudos do alumnado que participará nunha actividade de mobilidade nacional (SICUE) ou internacional durante o curso 2023-24 dado que a Universidade de Vigo está a implementar o programa SIGMA para a xestión académica.

No marco dos procesos de dixitalización Erasmus+, o estudantado seleccionado para realizar unha estada de mobilidade con este programa, deberá realizar un contrato de estudos empregando a ferramenta europea, o *Online Learning Agreement* (OLA).

Por outra banda, a Universidade de Vigo xestiona todos os procesos de mobilidade internacional a través da ferramenta MoveON que permite a creación do OLA ao estudantado seleccionado pero que non permite, polo momento, a vinculación destes contratos coa matrícula do alumnado como sucedía con Xescampus.

O formato OLA non pode ser empregado polo estudantado que realice unha actividade internacional cun programa de mobilidade diferente ao Erasmus+.

Neste contexto, para o curso 2023-24, establécese un procedemento provisional para a xestión dos diferentes contratos de estudos:

1. Contratos de estudos ERASMUS+

a. Creación do contrato de estudos:

O persoal da Oficina de Relacións Internacionais (ORI) será o responsable da creación do OLA na plataforma MoveON tras cumprimentar todos os datos do estudantado seleccionado e que aceptou a praza. Unha vez creado, o estudantado recibirá unha mensaxe automática de confirmación para poder completalo.

b. Elaboración do contrato de estudos:

O programa Erasmus+ establece a obrigatoriedade de ter unha proposta aprobada por todas as partes antes do inicio da estada.

O estudantado será o responsable de elaborar a súa proposta de estudos.

A proposta deberá respectar os prazos límite que poida indicar a universidade de destino ou a [persoa responsable do seu centro](#) na Universidade de Vigo. En todo caso, todos os contratos de estudos do estudantado que inicie a actividade no primeiro cuadrimestre deberán estar asinados antes do 31 de xullo. No caso do alumnado que inicie a súa actividade no segundo cuadrimestre, deberán estar asinados antes do 31 de xaneiro.

c. Aprobación do contrato:

Completada a proposta de contrato, o estudantado deberá aprobar a súa solicitude. A persoa responsable de relacións internacionais do centro correspondente na Universidade de Vigo recibirá un email de MoveOn para que



proceda á aprobación ou a suxerencia de modificacións de dito contrato. Se a proposta non é aprobada, o estudantado deberá facer as modificacións oportunas e solicitar de novo a validación. Se a proposta é aceptada, a persoa responsable na universidade de destino recibirá a solicitude de validación do contrato.

d. **Modificación do contrato de estudos inicial:**

O estudantado poderá facer modificacións ao contrato no prazo máximo dun mes unha vez iniciado o cuadrimestre na universidade de destino. Calquera modificación deberá ser validada por tódalas partes de novo.

e. **Rexistro das materias do contrato en SIGMA:**

O persoal das [áreas académicas](#) dos centros, accedendo a MoveON, comprobará o estado dos contratos creados. Poderá consultar a última versión compartida aprobada por todas as partes e facer as modificacións na matrícula do curso 2023-24, marcando as materias que aparecen no contrato como materias en intercambio.

Durante a estadía, a persoa responsable de relacións internacionais dos centros deberá informar ao persoal das áreas académicas se se producen cambios no contrato que afecten á matrícula do alumnado.

f. **Se a universidade de destino non pode aprobar o OLA por non estar conectada á rede EWP (Erasmus Without Paper)**

No caso de que unha universidade de destino non poida aprobar o OLA de forma electrónica, o estudantado deberá elaborar o contrato de estudos segundo o [formato](#) aprobado. Unha vez completado e asinado dixitalmente por todas as partes, así como as modificacións que se puidesen realizar, o alumnado é responsable de enviar o documento á área académica do seu centro.

2. Contratos de estudos doutros programas: SICUE, COU, ISEP, GE4, LIBRE MOBILIDADE.

a. Creación do contrato de estudos: O persoal da ORI será o responsable da creación do contrato de estudos en Xescampus tras cumprimentar todos os datos do estudantado seleccionado e que aceptou a praza. Unha vez creado, a ORI informará ao estudantado da súa creación a á persoa responsable de relacións internacionais do centro correspondente.

b. Elaboración do contrato: o estudantado deberá elaborar a súa proposta de estudos. A persoa responsable de relacións internacionais poderá engadir os datos dunha persoa como titor/a.

c. Aprobación do contrato: completada a proposta de contrato, o estudantado deberá solicitar a validación á persoa responsable de relacións internacionais do centro correspondente na Universidade de Vigo. Se a proposta é rexeitada, o estudantado deberá facer os cambios necesarios e solicitar de novo a validación. Se a proposta é aceptada, poderá imprimir en PDF o documento que deberá ser asinado dixitalmente polas tres partes: o/a estudante, as persoas responsables na institución de orixe e a persoas responsables na universidade de destino.



d. Modificación do contrato de estudos inicial: o estudiantado poderá facer modificacións ao contrato no prazo dun mes unha vez iniciado o cuadrimestre na universidade de destino. **Deberá solicitar á persoa responsable do seu centro na Universidade de Vigo a posta en preparación do contrato para facer os cambios.** As modificacións deberán ser validadas de novo e o documento xerado deberá ser asinado como o contrato inicial.

e. Rexistro das materias do contrato en SIGMA: o persoal das áreas académicas dos centros comprobará o estado dos contratos creados en Xescampus. Poderá consultar a última versión e facer as modificacións na matrícula do curso 2023-24, marcando as materias que aparecen no contrato como materias en intercambio.

Durante, a persoa responsable de relacións internacionais dos centros deberá informar ao persoal das áreas académicas se se producen cambios no contrato que afecten á matrícula do alumnado.

Vigo, na data da sinatura electrónica

O reitor

Por delegación R.R. 22/06/2022 (DOG 06/07/2022)

A vicerreitora de Internacionalización

M^a Isabel del Pozo Triviño

